

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Unha vez formalizada a matrícula a aplicación mostra en formato PDF información importante relativa á entrega de documentación, polo que, quen se matricule dáse por notificado para estes efectos.

Pasado o prazo de entrega indicado no anexo I e detectada a falta da mesma, procederase a cambiar o estado da matrícula pasando, de ser o caso, de “activa” a “arquivada” e non se notificará dito cambio.

As unidades administrativas poderán requirir documentación adicional cando precisen comprobar a veracidade dos datos persoais ou académicos no seu poder.

A continuación indícanse os documentos a presentar e os casos nos que a súa falta será motivo de arquivo:

Estudantes matriculados tras ser admitidos polo proceso xeral da CiUG

Quen superase as probas de acceso fóra do sistema universitario galego presentará o xustificante de ter solicitado o traslado do expediente. A falta deste documento será motivo de arquivo de matrícula.

Quen superase as probas (ou titulación equivalente) en cursos anteriores, presentará declaración xurada de non terse matriculado anteriormente noutra titulación universitaria ou polo contrario, xustificante de ter solicitado o traslado do expediente da universidade de orixe.

Quen se matricule cun documento que non sexa un DNI, deberá presentar fotocopia de dito documento. A falta deste documento será motivo de arquivo de matrícula.

Quen acceda con estudos cursados conforme a un sistema educativo estranxeiro, deberá presentar copia da solicitude de homologación ou da credencial da mesma expedida polo órgano competente. A falta deste documento será motivo de arquivo de matrícula.

Estudantes matriculados tras ser admitidos por recoñecemento de créditos procedentes doutras universidades

Resgardo de ter aboados os dereitos de traslado do expediente da universidade de orixe. A falta deste documento será motivo de arquivo de matrícula.

Estudantes que elixan como forma de pagamento a domiciliación bancaria

Presentarase a orde de domiciliación de cargo SEPA asinada polo titular da conta bancaria. A aplicación xera o impreso ao remate do proceso da matrícula e unha vez confirmada esta. A falta deste documento será motivo de arquivo de matrícula.

Estudantes con dereito a descontos por exencións ou bonificacións

Acreditaranse mediante os documentos indicados a continuación agás quen tendo a mesma condición que en cursos anteriores xa os presentara e continúen en vigor:

1. Familia numerosa: quen sexa beneficiaria ou beneficiario de familia numerosa presentará o título oficial expedido ao efecto pola administración autonómica competente que deberá estar vixente no momento da formalización da matrícula.
2. Minusvalía: quen teña recoñecida unha minusvalía igual ou superior ao 33% presentará o documento vixente expedido pola administración competente.

3. Vítima de acto terrorista ou quen sexa filla, fillo ou cónxuxe non separado legalmente da persoa falecida ou ferida en acto terrorista: demostrará a súa situación conforme co disposto no artigo 4 bis, punto 3º, da Lei 32/1999, do 8 de outubro.
4. Vítima de violencia de xénero ou quen sexa filla ou fillo: o acreditará por calquera das seguintes formas:
 - Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuña ou copia autenticada pola ou polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a persoa sufriu violencia de xénero.
 - Certificación dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
 - Certificación dos servizos de acollida da Administración pública, autonómica ou local.
 - Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - A filla ou fillo documentará ademais a súa relación filial coa vítima.
5. Matrícula de honra: Quen teña concedida a matrícula de honra global en segundo curso de bacharelato, matrícula de honra global no último curso dos estudos superiores de formación profesional, con premio extraordinario no bacharelato ou no ciclo superior de formación profesional presentará unha certificación expedida pola institución correspondente.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA PROCESOS DE ADMISIÓN

Recoñecemento de créditos

- Fotocopia do DNI
- Certificación académica expedida pola universidade de procedencia
- Fotocopia dos programas ou guías docentes das materias superadas que se pretenden recoñecer

Consultarase directamente no centro de estudos por se este require documentación adicional.

Curso de adaptación ao grao (curso ponte)

Quen acadara o título noutra universidade presentará:

- Fotocopia compulsada do título oficial ou certificación do pagamento dos prezos públicos de expedición do título que da acceso
- Certificación académica coas cualificacións obtidas para os efectos de valoración do expediente.

Documentación xustificativa que permita valorar a experiencia laboral e/ou os criterios específicos de selección indicados en cada caso.

Requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos estranxeiros

- Fotocopia cotexada do DNI, NIE ou pasaporte
- Resolución definitiva do MECD na que consten as carencias observadas na tramitación do expediente de homologación, para o seu cotexo.